

**José Antonio García Luján,**  
*Libro de lo salvado De Juan II de Castilla.*  
Córdoba, Universidad de Córdoba, 2001 (325 páxinas)

**BEATRIZ VAQUERO DÍAZ**

Universidade de Vigo

O libro que pasamos a reseñar é fundamentalmente un libro de fontes pertencente o reinado de Juan II de Castilla (1406-1454), un monarca que estivo ao fronte da coroa castelá durante un longo período de tempo, trinta e cinco anos desde a súa maioría de idade, e do que aínda caben esperar novos e interesantes estudos.

A elo pode contribuir a obra que agora presentamos de José Antonio García Luján, catedrático de Paleografía e Diplomática da Universida.de de Córdoba titulada Libro de Lo Salvado de Juan II de Castilla.

O libro está estruturado en catro partes: A primeira delas inclúe o estudio das características codicolóxicas e diplomáticas do manuscrito transcrito. O feito de que este Libro de lo Salvado sexa un traslado notarial feito no ano 1538 co obxec-

to ser presentado nun preito entre Pedro Fernández de Velasco, III duque de Frías e IV condestable de Castilla e o mosteiro de Las Huelgas, explica que para concertar a copia coas escrituras orixinais o Libro presente unha orde incorrecta na súa foliación, que obrigou ao autor a facer unha reestructuración interna do manuscrito, así como a falta de escritura nalgúns folios ou a ausencia física doutros.

José Antonio García Luján insire ao Libro de lo Salvado no contexto da rica produción libraria da facenda castelá na época de Juan II. Ao facelo así ofrece unha somera relación dos libros que nesta primeira metade do século XV pasan a formar parte da práctica cotiá da contabilidade facendística, e na que se inclúen os Libros de Contas, de Pedidos, de Privilexios, de lo Salvado, de lo Salvado de los Maravedís e de lo Salvado de los Excusados.

Dentro tamén desta primeira parte, o autor inclúe unha análise sistemática dos asentos do manuscrito, ordeados en función do tipo de mercede concedida -exencións e excusados, mercedes sobre alcabalas, mercedes sobre tercias reais, exencións de moedas e moeda foreira, mercedes sobre salinas e exencións a moedeiros e monteiros de el rei-, da institución ou persoa á que se lle outorgan -relaciónandose primeiro as concesións feitas a institucións e despois a particulares- e por último da orde cronolóxica en que as concesións foron feitas. Ademáis do seu indudable valor analítico, esta relación de asentos serve tamén como guía de consulta, ao complementar o papel dos índices toponímico e onomástico que pechan a presente edición do Libro de lo Salvado de Juan II de Castilla.

O segundo apartado está adicado á bibliografía e contén as principais aportacións de libros e artigos sobre a facenda e a administración rexia. Complétase este traballo coa propia edición do manuscrito, que, como é obvio, ocupa a parte máis extensa do libro, ao transcribir integra e coidadosamente o texto medieval. Por último, como indicabamos arriba, inclúense os índices toponímico e onomástico, que recollen as mencións de nomes de lugar o primeiro e de nomes de persoas o segundo. Nambos os dous casos faise referencia tanto ao texto documental como á análise dos asentos que se inclúe no estudio preliminar.

Tal e como sinala o propio autor, esta fonte "permite coñecer de modo bastante exacto como estaba constituído un destes Libros de lo Salvado, ao tempo que nos ofrece información pormenorizada, e en gran parte inédita, sobre privilexios, mercedes e exencións fiscais da facenda real castelá na primeira metade do Catrocentos".

Esta publicación ten un grande interese para os especialistas na economía da Coroa Castelá de finais da Idade Media, dado que non se conservaron libros fiscais desta coroa anteriores ao século XV, sendo moi escasos os deste século.

En efecto, a información sobre exencións de pechos e moedas, as mercedes sobre alcabalas, tercias reais e salinas, etc., e as cantidades libradas por estes conceptos, permite facer unha valoración da situación facendística na primeira metade do século XV, pero tamén daqueles que estaban "liberados" de pagar estes tributos, é dicir, da nobreza laica e eclesiástica que se ve beneficiada por estas mercedes rexias. A relación de mosteiros, bispados, hospitais, condes, condesas, así como dos diferentes cargos e oficiais do reino -condestable, alcalde da Corte e Chancillería, escribán, almirante, xustiza maior de el rei- e parentes e familia do monarca, ofrece unha interesante perspectiva para o estudio da sociedade baixomedieval castelá, co encumbramento da nobreza trastamarista e as continuas doazóns que esta recibe e que repercutirán moi negativamente na facenda rexia.

Así mesmo, a economía e o comercio das meirindades de Asturias de Santillana, Carrión, Castilla Vieja, Logroño, Monzón, Rioja, Santo Domingo de Silos e Villadiego, dos bispados de Asturias de Oviedo, Ávila, Palencia, Segovia e Zamora, dos arciprestados de Tordesillas, Simancas e Torrelbatón, dos arcedianados de Briviesca, Carrión, Cerrato, El Alcor e do infantado de Valladolid, son ámbitos que o Libro permite estudar en detalle coas abundantes referencias a alcabalas, salinas, moedas utilizadas -marabedís, dobras, floríns, etc.-, cargos da administración, pechos e tributos de diferente índole, etc.

En suma, esta coidada edición dun Libro de lo Salvado medieval, vai permitir encetar novos traballos sobre o reinado de Juan II de Castilla e de maneira especial, sobre a administración e os administradores da facenda rexia, así como sobre a dinámica social e a articulación das relacións monarquía-nobreza na Baixa Idade Media castelá.